

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.  
CURSO 2019/2020**

**CENTRO: CEIP CEDEIRA  
CURSO: 1º  
MATERIA: LINGUA E LITERATURA CASTELÁ  
DATA: Maio do 2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

### BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Mínimo esixible
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra.	LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.  LCB1.1.2. Aplica as normas socio- comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.	Verbaliza as súas propias vivencias.  Respecta a quenda de palabras.
B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.	LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente.	Utiliza de xeito global recursos básicos verbais para comunicarse oralmente.
B1.3. Expresarse e comunicarse de forma oral e con certa coherencia para satisfacer as necesidades de comunicación en diferentes situacións de aula.	LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: -diálogos -exposicións orais moi guiadas, con axuda, cando cumpra, de tecnoloxías da información e a comunicación.	Comunícase de forma oral con certa coherencia en diferentes situacións dirixidas
B1.4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula.	LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.	Emprega o vocabulario adecuado á súa idade.
B1.5. Comprender o sentido global dun texto oral. Identificar información relevantes, con axuda.	LCB1.5.1. Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.	Comprende con axuda de pautas orais o sentido global dun texto oral.
B1.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación	LCB1.6.1. Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisual sobre temas do seu interese.	Recoñece as ideas xerais dunha reportaxe audiovisual.
B1.7. Reproducir textos orais próximos aos seus gustos e intereses.	LCB1.7.1. Canta cancións, conta e recita pequenos contos e poemas.	Conta pequenos contos do seu gusto.
B1.8. Dramatizar, de xeito colaborativo, textos infantís.	LCB1.8.1. Adecúa a entoación e o volume á representación	Emprega unha entoación axeitada nunca representación dramática.
B1.9. Expresarse de forma oral en diferentes situacións con vocabulario axeitado e	LCB1.9.1. Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.	Narra experiencias persoais sinxelas.

unha secuencia coherente.	LCB1.9.2. Describe, de forma sinxela, persoas, animais obxectos e lugares seguindo unha orde: de arriba a abaixo; de abaixo a arriba ....  LCB1.9.3. Utilizar correctamente expresións para situar e ordenar as rutinas: antes, despois, pola mañá, pola noite...	Describe de forma sinxela persoas seguindo unha orde.  Utiliza expresións para ordenar rutinas tales como antes, despois...
B1.10. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas	LCB1.10.1. Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas	Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.
B1.11. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.	LCB1.11.1. Pide axuda para a realización de tarefas de distinta índole.	Pide axuda para realizar as tarefas.
<b>BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER</b>		
B2.1. Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos.	LCB2.1.1. Le con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.	Le con pronunciación adecuada.
B2.2. Anticipar o contido de textos do ámbito escolar e social axeitados ao seu nivel.	LCB2.2.1. Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto.	Relaciona ilustracións co tema do texto.
B2.3. Comprender a funcionalidade de diferentes tipoloxía textuais, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) adaptados a súa idade.	LCB2.3.1. Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxía textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións ...	Recoñece a función de distintos textos: carteis, avisos, receitas...
B2.4. Mostrar interese e gusto pola lectura.	LCB2.4.1 Expresa o gusto pola lectura como fonte de lecer.  LCB2.4.2 Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias	Amosa interese pola lectura.  Explica as súas preferencias lectoras.

	lectoras.	
B2.5. Progresa na adquisición do hábito lector.	LCB2.5.1. Identifica, con axuda, os textos da biblioteca (escritos ou en soporte informático) máis axeitados para obter información e para o seu lecer.	Identifica, con axuda, textos da biblioteca escritos ou en soporte informático.
B2.6. Mostrar interese por ter unha biblioteca propia.	LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros	Coida os seus libros
<b>BLOQUE 3. Comunicación escrita: escribir.</b>		
B3.1. Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos	LCB3.1.1. Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da lingua Castelá en palabras significativas.  LCB3.1.2 Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións, poesía, noticia...	Consolida aspectos grafomotores e grafías da lingua.  Identifica diferentes tipos de textos escritos: poesía e narración.
B3.2. Relacionar códigos verbais e non verbais.	LCB3.2.1. Ilustra de xeito creativo os seus escritos con ilustracións redundantes.	Ilustra os seus escritos
B3.3. Planificar e producir, con axuda, diferentes tipos de textos atendendo ao seu formato (descritivos, narrativos, dialogados) e intencionalidade comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) e coida a presentación	LCB3.3.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas...  LCB3.3.2. Presenta os seus escritos con limpeza, evitando riscos.	Escribe, con axuda, textos moi sinxelos: listas, notas, felicitacións, refráns...  Presenta limpos os seus escritos.
<b>BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA</b>		
B4.1. Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.	LCB4.1.1. Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.  LCB4.1.2. Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética.	Identifica fonemas como elemento fundamental da palabra.  Recoñece o alfabeto.

	<p>LCB4.1.4. Distingue xénero e número en palabras habituais.</p> <p>LCB4.1.5. Utiliza adecuadamente os artigos nos textos orais e escritos.</p> <p>LCB4.1.6. Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia.</p>	<p>Distingue o xénero e o número.</p> <p>Utiliza adecuadamente os artigos.</p> <p>Respecta a concordancia nos grupos nominais.</p>
B4.2. Mellorar o coñecemento da lingua e sistematizar a adquisición de vocabulario.	LCB4.2.1. Relaciona sinónimos e antónimos básicos en parellas de palabras significativas.	Relaciona sinónimos e antónimos básicos, empregando o termo "contrario".
B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.3.1. Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos	Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do seu nivel con algún erro.
B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.4.1. Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos.	Forma correctamente oracións simples.
B4.5. Utilizar programas e aplicacións educativas dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	LCB4.5.1. Utiliza de xeito guiado, distintos programas e aplicacións educativos dixitais como ferramenta de aprendizaxe.	Utiliza de maneira guiada distintos programas dixitais.
B4.6. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada	LCB4.6.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	Compara aspectos das linguas que coñece.
<b>BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA</b>		
B5.1. Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos e utilizar a lectura como fonte de gozo e información.	<p>LCB5.1.1. Identifica sinxelos textos propios da literatura infantil: contos, poesías, cómics, adiviñas...</p> <p>LCB5.1.2. Dramatiza con xestos e palabras, escenas de contos.</p>	<p>Distingue a poesía do conto.</p> <p>Emprega xestos en escenas de contos.</p>

B5.2. Gozar da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.	LCB5.2.1. Gozo da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.	Gozo da escoita de textos.
B5.3. Coñecer o funcionamento da biblioteca de aula.	LCB5.3.1. Utiliza de xeito guiado a biblioteca de aula como fonte de información e lecer.	Utiliza de maneira guiada a biblioteca de aula.
B5.4. Reproducir, con axuda, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos: contos, poemas e adiviñas.	LCB5.4.1. Recrea de xeito individual e cooperativo, sinxelos textos literarios (contos, poemas..) a partir de pautas ou modelos dados	Compón a partir de pautas pequenos contos.
B5.5. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	LCB5.5.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	Valora a literatura en calquera lingua

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	Procedementos: revisión e valoración do traballo feito polo alumnado, participación nas videochamadas grupais(tendo en conta as situacións de cada familia para tal fin),actividades de comprobación de dominio dos diferentes contidos, actividades de composición escrita propostas (redaccións, cartas)e de comprensión lectora, valoración de actividades dos contidos traballados no 1º e 2º trimestre .
	Instrumentos: caderno da titora (registro de seguimento, esforzo, progreso, dificultades, participación nas tarefas propostas neste 3º trimestre) , rúbricas das diferentes unidades traballadas no 1º e 2º trimestre, ficha de seguimento do alumnado.
<b>Cualificación final</b>	Para obter a cualificación final nesta área terase en conta a cualificación obtida na primeira e na segunda avaliación, así como a evolución, o grao de seguimento do curso ata o 13 de marzo, e o grao de seguimento das tarefas propostas durante o terceiro trimestre, tendo en conta que este último punto será valorado sempre positivamente e non perxudicará a súa nota final.

**ACTIVIDADES DE REFORZO NA  
LECTOESCRITURA**

Prestarase especial atención, ao alumnado que durante o curso presenta dificultades na lectoescritura.

Seguirán un plan de reforzo neste aspecto, estando en contacto coas familias para tal fin, recomendando un traballo específico neste campo.

Tendo en conta os aspectos que se traballaban na aula, e no seu caso nos reforzos feitos pola especialista de PT con este grupo de alumnos fóra da mesma.

Polo que se elabora material específico para este alumnado.

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>As actividades propostas deberán ir dirixidas a axudar a manter os hábitos e o proceso de aprendizaxe, polo que serán actividades que cheguen a todo o alumnado e que estén orientadas ó desenvolvemento das competencias , nesta área, en particular, ó desenvolvemento da competencia lingüística.</p> <p>Proporanse actividades en diferentes soportes, como o dixital e interactivo, propoñendo iniciativas que favorezan o desenvolvemento lingüístico, tanto no proceso da lectoescritura( recoñecemento de fonemas, de sílabas directas e sílabas trabadas e inversas)</p> <p>Serán actividades con diferentes graos de realización e dificultade, actividades diversas para traballar un mesmo contido, actividades de reforzo dos obxectivos mínimos e prioritarios, actividades que permitan repasar, reforzar e/ou ampliar os contidos traballados na aula ata o peche dos centros.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>A metodoloxía será significativa e motivadora, evitando así cair na repetición e na monotonía á que pode levar o traballo individual na casa.</p> <p>Terase en conta as situacións familiares neste contexto e potenciarase a equidade para todo o alumnado, xa que non sería xusto promover un tipo de aprendizaxe donde non poida acceder todo o alumnado.</p> <p>A interacción entre alumnado e profesor será continua, pondo a disposición das familias e do alumnado o contacto telefónico da titora para calquer aclaración ou dúbida, un correo electrónico que serve para comunicarnos e como vía de entrega e corrección das tarefas propostas, promovendo unha aprendizaxe cunha retroalimentación, que dará significado a esta situación.</p> <p>Ademáis como elemento motivador e espazo de unión entre o alumnado, creouse un blog donde se proporán as tarefas semanais e servirá como mural donde o alumnado poderá ver os seus traballos e os dos seus compañeiros, sempre co permiso das familias.</p> <p>O seguimento titorial e o apoio emocional ó alumnado e as súas familias son de gran relevancia neste contexto.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Empregaranse materiais e recursos en liña postos a disposición do profesorado para estes momentos excepcionalís, o libro do alumnado, fichas interactivas, páxina web de <a href="http://aitanatp">aitanatp</a> (actividades en jclíc) , apps edu silabario.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>O contacto da titora coas familias e o alumnado é por varias vías , ben a través do teléfono, donde as familias e alumnado o empregan en caso de dúbida ou aclaración, no momento que o precisen, vía whatsapp (xa que é o método que algunhas familias solicitan por distintas causas), co correo electrónico, dende abalar e nas videoconferencias.</p> <p>Desta maneira preténdese recibir e dar información sobre a evolución e o traballo dos nenos e das nenas nestes meses.</p>
<b>Publicidade</b>	<p>A programación está publicada na páxina web do centro.</p> <p>En canto á publicidade das propostas a nivel centro, durante este tempo, tamén se atopan na páxina web, nos espazos creados durante este periodo “os noso alumnos teñen moito que dicir”, iniciativas polo Día do libro ou iniciativas creativas.</p> <p>En canto as tarefas en relación ao alumnado de 1º, hai unha ligazón na páxina web do centro, donde dende o apartado de 1º acceden directamente ao blog.</p>